

Proxecto VITA: visibiliza o teu talento

Formación para emprendedor@s de Galicia




Deseñado por **Carla d'Pont** para o **Concello de Poio**

Estratega e mentora internacional de negocios dixitais e marca personal

carladepont@gmail.com

+34625208340



VITA

Visibiliza o talento galego



VITA é unha **formación con acompañamento para persoas con negocios** que persegue promover e potenciar o emprendemento na comunidade.


O proxecto VITA ten como **finalidade empoderar ás persoas emprendedoras** e axudalas a promover o seu emprendemento na provincia, asentando boas bases, para convertelas en axentes de cambio social real na comunidade.

Ademáis de xerar novas oportunidades profesionais e crear unha sólida rede de emprendedor@s en Galicia.

Proxecto deseñado por

Carla d' Pont

- **Doutora** en Ciencias da Comunicación (Uvigo 2017)
- Máis de 8 anos de **experiencia internacional** en comunicación e vendas (Austria).
- Dende 2021 asesorei e formei a máis de 70 emprendedores en máis de 7 países en **estratexia, desenvolvemento e comunicación de empresas dixitais e marca persoal**.
- Participo activamente en comunidades de mulleres impartindo ademais **charlas e formación** sobre negocios dixitais e marca persoal.



Co meu traballo pretendo **xerar e facilitar espazos de conversa, debate e intercambio de ideas e negocios**.

Espazos de apoio, crecemento e desenvolvemento profesional onde se potencie a **visibilidade do talento galego**. Sen barreiras nin límites xeográficos.

Presenza en medios de comunicación

Fundei e dirixo a **revista dixital** sobre emprendemento feminino
www.emprendedorasdemundo.com

Testimonios

Perfil dos participantes



Profesional con negocio sen presenza online

Poden ter tenda na rúa e queren pasar ao dixital pero non saben cómo facelo e cómo comezar.

Reto: **transformación dixital**



Profesional con negocio online

Xa teñen presenza dixital pero non teñen visibilidade e queren atraer clientes online.

Reto: **Estratexia e comunicación dixital**



Emprendedor/a en fase inicial

Emprendedoras que están comenzando ou en potencia que xa teñen a idea de negocio deseñada.

Reto: comezar coas ideas claras, **asentar os piares do negocio** online



3 Fases

1 **Fase 1: Asenta as bases do negocio en online e crea unha marca**

Nesta fase as persoas emprendedoras aprenden a crear, desenvolver e comunicar a súa marca personal e negocio online.

2 **Fase 2: Gaña visibilidade online**

Esta fase persegue darlle visibilidade ás persoas participantes e ensinalles como escribir artigos para o blog con nocións de SEO.

Ademais escribirán o seu propio artigo na revista dixital Emprendedoras de mundo.

3 **Fase 3: Nutre a túa REDE e resolve dúbidas sobre o teu negocio de marca persoal**

A terceira fase está deseñada para crear rede, establecer conexións profesionais e poñer en común os retos profesionais do seu día.



Fase 1:
**Asenta as bases do
negocio en online e
crea unha marca**

Obxectivo: Aprender e implementar

- Coñecer o paso a paso para crear unha marca persoal, desenvolvela e comunicala no dixital.
- Poñer en práctica os coñecementos adquiridos en cada sesión: As persoas emprendedoras disporán dunha folla de ruta e implantarán para os seus negocios, supervisadas.

Metodoloxía de traballo: As sesións combinan teoría e práctica.

- Despois de cada sesión, os e as participantes terán tarefas concretas con obxectivos para que poidan avanzar por si mesmas e interiorizar o aprendido.

Duración:

- Esta primeira fase consta de 10 sesións de 60 minutos, impartidas en liña.

Obxectivo: Aprender e implementar

- Coñecer os pasos para escribir artigos no blog
- Escribir o seu propio artigo para publicar na revista dixital www.emprendedorasdemundo.com

Metodoloxía de traballo: As sesións combinan teoría e práctica.

- 1 sesión de formación en liña de 90 minutos na que se explica cómo escribir un artigo online: qué hai que ter en conta, nocións básicas de SEO, elección de temas, palabras clave.
- 1 sesión grupal para escoller temas e resolver dúbidas
- Elaboración do artigo por parte dos e das participantes
- Corrección e publicación na revista.
- Tamén terán presenza no directorio da revista e unha páxina de venda exclusiva nela.

Duración: 2 sesións de 90 minutos, impartidas en liña.

Fase 2:



**Gaña visibilidade
online**



MPULSA

UMARCA

ERSONAL



Obxectivo: Crear redes profesionáis e crecer en grupo

Metodoloxía de traballo: As sesións de networking e mastermind

- Na última fase promoverase a creación da rede e o establecemento de conexións profesionáis con reunións mensuais.
- Organizaranse 2 sesións de networking en liña dirixidas e orientadas a compartir os retos actuais intercaladas con 2 encontros presenciais coa mesma dinámica.

Duración: Esta fase consta de 4 encontros

Fase 3:

Nutre a túa REDE e resolve dúbidas sobre o teu negocio de marca persoal



Horario

- Fase 1 (cor gris):
Asenta as bases do negocio en online e crea unha marca
- Fase 2 (cor vermello):
Gaña visibilidade online
- Fase 3 (cor rosa):
Nutre a túa REDE e resolve dúbidas sobre o teu negocio de marca persoal

Data	Contido base	Modalidade
03/11/2022	Esencia de marca e propósito	Online
10/11/2022	Análise e investigación online	
17/11/2022	Cliente ideal	
24/11/2022	Misión, visión e valores	
01/12/2022	Proposta de valor e diferenciación	
20/12/2022	Rede e mastermind grupal	Presencial no coworking según dispoñibilidade
10/01/2023	Estratexia dixital	Presencial no coworking según dispoñibilidade
19/01/2023	Mensaxe de marca e Píares de contido	Online
26/01/2023	Ecosistema dixital: customer journey	
02/02/2023	Social media plan	
09/02/2023	Calendario e acción	
23/02/2023	Artigo seo	Online
02/03/2023	Artigo: elección de temas e resolución de dúbidas e elaboración	
16/03/2023	Rede e mastermind grupal	Online
13/04/2023		
20/06/2023	Rede e mastermind grupal	Presencial no coworking según dispoñibilidade